

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

6 DE FEBREIRO, en Vigo

## Homenaxe nacional a Méndez Ferrín

Ese día presentarase tamén o libro *'A semente da nación soñada. Homenaxe a X.L. Méndez Ferrín'*.

Redacción - 09:35 25/01/2009

O 6 de febreiro celebrarase o Acto de Homenaxe Nacional a [Xosé Luís Méndez Ferrín](#), con motivo do seu setenta cumpreanos. Será durante unha cea no Pazo Os Escudos (Alcabre-Vigo), que comezará ás dez da noite e que terá un prezo de 35 euros. A Comisión de Homenaxe leva semanas preparando o evento, ao que se prevé que asistirá a meirande parte dos principais representantes da cultura galega.

Previamente, ás oito da tarde, presentarase no Auditorio do Centro Social Caixanova o libro *A semente da nación soñada. Homenaxe a X.L. Méndez Ferrín*, editado por Sotelo Blanco e Xerais.

["Temos unha literatura de resistencia, que se autoabastece, coma os bos guerrilleiros"](#) (Entrevista de Méndez Ferrín con Vieiros, 30 de maio de 2008)

## Novas relacionadas

- [Beiras, Ferrín e Nogueira analizan o futuro da esquerda nacionalista](#)
- [Ferrín pecha os actos do Pen Clube cunha acendida defensa das linguas minorizadas](#)
- [Ferrín, en 18 linguas](#)
- ["Temos unha literatura de resistencia, que se autoabastece, coma os bos guerrilleiros"](#)
- [Méndez Ferrín, Premio Nacional de Literatura](#)